

FIXA_RSE

O BOLETÍN DO OBSERVATORIO GALEGO DA
RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL



Consellería de Economía, Emprego e Industria - setembro 2017 — Nº 10—

Contido

UE e conciliación 2

*Entrevista a Isabel
Garro, Directora
Xeral da Rede
Española do Pacto
Mundial* 8

Economía circular 14



TWEETS
DESTACADOS

@RSExuntagalicia

Renovado o
compromiso de
[@xunta](#) e as 13
grandes empresas do
[#GREG_RSE](#) para
traballar a prol da
[#RSE](#) en Galicia
<http://ow.ly/pdmu30d>
gvtG

Coñece as empresas
gañadoras dos
[#PremiosRSEGalicia](#)
2016. Noraboa a todas
elas!
<http://ow.ly/RMB730c>
SVcu

EDITORIAL

Un impulso decidido á RSE

Unha das claves pola que desde a xunta de Galicia apostamos pola RSE é para tratar de lograr que as empresas galegas, en especial as pequenas e medianas empresas, xestionen da mellor maneira posible as condicións laborais e se convertan en empresas máis saudables.

Neste ambicioso obxectivo xogan un papel protagonista as accións encamiñadas a

favorecer a igualdade entre as persoas que integran a organización. A tal fin, desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria estamos a ultimar unha estratexia de RSE. Unha folla de ruta galega para lograr que a responsabilidade social, e con iso a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres sexan elementos clave no desenvolvemento das nosas organizacións, públicas e privadas.

Neste novo número de *Fixa_rse* atoparán claves para profundar en materia de conciliación e igualdade, entre outros temas de interese para seguir aprendendo en materia de RSE. Confiamos que sexa da súa axuda.

Un saúdo,

Covadonga Toca Carús

*Secretaria Xeral de
Emprego*

*Consellería de Economía,
Emprego e Industria*



CRÉDITOS | Edita: Secretaría Xeral de Emprego — Consellería de Economía, Emprego e Industria

Elaboración e maquetación: CIMAS | ISSN:2386-3951

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución — Compartir Igual 3.0 España de Creative Commons

Para ver unha copia da licenza, visite: <http://creativecommons.org/licenses/by/3.0/es/deed.es>



XUNTA DE GALICIA

NOVO IMPULSO DA UE Á CONCILIACIÓN

En toda a Unión Europea, as mulleres seguen estando infrarrepresentadas no mercado de traballo. Segundo os cálculos de Eurofund, a Fundación Europea para a Mellora das Condicións de Vida e de Traballo, a brecha laboral de xénero provoca unhas perdas económicas que alcanzan os 370.000 millóns de euros ao ano. É unha realidade: as mulleres están cada vez máis cualificadas, e nas universidades de Europa gradúanse máis mulleres que homes, pero moitas delas desaparecen do mercado de traballo debido ás súas responsabilidades como nais ou coidadoras de familiares.

As políticas existentes non achegaron unha igualdade de oportunidades que permita que os pais e as nais traballen e sexan coidadores xuntos para o benestar da descendencia e da sociedade no seu conxunto. Ademais, hai que ter en conta que a poboación activa da Unión Europea está a reducirse, a poboación está a envellecer e a curva demográfica segue sendo un desafío. A baixa participación das mulleres no mercado de traballo está relacionada coa persistencia da brecha salarial de xénero e unha crecente brecha en materia de pensións, o que, en moitos casos, conduce á exclusión social e a un maior risco de pobreza.

Os datos fan necesaria unha reflexión crítica sobre a experiencia obtida: os progresos en materia de igualdade, tamén en Europa, son menores do esperado. Son necesarias novas

políticas, novas medidas e accións que consigan unha maior igualdade de trato das mulleres e os homes no mercado de traballo, garantindo que estas políticas se correspondan cos novos modelos de traballo e coas tendencias futuras.

As medidas (tanto legislativas como non legislativas) establecen un marco de políticas que ten como obxectivos:

- 1. Incrementar a participación das mulleres no mercado de traballo e reducir a brecha de xénero, incluída a brecha salarial e en materia de pensións;**
- 2. Dar aos traballadores máis oportunidades e unha maior posibilidade de elección para equilibrar as súas responsabilidades profesionais e de coidado de persoas mediante a actualización e a modernización do marco xurídico e de políticas da actualidade, prestando unha especial atención ao papel dos homes;**
- 3. Dar apoio ás políticas familiares modernas dos Estados membros, o que inclúe facer fronte aos desafíos demográficos e sociais;**
- 4. Abordar as carencias das instalacións de servizos para o coidado de persoas e eliminar os desincentivos económicos para os segundos perceptores dun emprego remunerado.**

NOVO IMPULSO DA UE Á CONCILIACIÓN

Por todo iso, a Comisión Europea presentou o pasado mes de abril unha proposta para que os pais e nais europeos poidan gozar ambos dun permiso retribuído por paternidade de catro meses ata que o neno cumpra doce anos e introduce cinco días anuais pagados para coidar dos fillos enfermos.

Con esta proposta, a Comisión quere modernizar o actual marco xurídico e das políticas da Unión Europea co fin de promover unha mellor conciliación da vida familiar e a vida profesional dos homes e as mulleres con responsabilidades familiares e unha utilización máis equitativa das fórmulas de traballo flexible e de permisos.

Entre outras medidas, esta directiva prevé un dereito individual de catro meses de permiso parental para cada proxenitor para coidar a un neno ata que cumpra os oito anos de idade. Un mes non é transferible entre proxenitores e a directiva non prevé ningunha compensación económica obrigatoria. Isto alenta especialmente aos segundos perceptores dun emprego remunerado na familia (na maioría dos casos, mulleres) a tomar un permiso parental, e non se prevén incentivos suficientes para os homes. Quedou demostrado o impacto positivo dunha compensación adecuada no uso deste permiso polos pais (segundo proxenitor), así como o valor dun uso flexible do permiso (fragmentado ou a tempo parcial) e de facelo intransferible entre proxenitores.

"Para que a nosa economía social de mercado teña éxito e sexa competitiva é crucial que as condicións vitais e laborais en Europa converxan, especialmente na eurozona. Unha Europa máis xusta e social é simplemente o que os cidadáns esperan. As nosas sociedades están a cambiar rápido: a globalización, o envellecemento, a revolución dixital expoñen retos e oportunidades de cara ao futuro"

*Marianne Thyssen,
Comisaria europea de Emprego*

NOVO IMPULSO DA UE Á CONCILIACIÓN

Na actualidade non existe uniformidade nas disposicións específicas no nivel da UE sobre o dereito ao permiso de paternidade. A introdución dun dereito deste tipo podería ter un impacto destacable na repartición das responsabilidades familiares entre as mulleres e os homes. A participación dos pais no coidado dos nenos achega unha maior satisfacción persoal, así como saúde física e mental a estes pais e uns mellores resultados cognitivos e comportamentais dos nenos. Os pais que collen permisos de paternidade despois do nacemento dun neno teñen maiores probabilidades de contribuír á cría do seu fillo e de acollerse posteriormente aos seus dereitos para gozar dun permiso parental. A directiva proposta sobre a conciliación da vida familiar e a vida profesional introduce dez días de permiso de paternidade remunerado ao nivel da baixa por enfermidade.

Con este tipo de accións, desde Bruxelas quérese actuar de forma específica sobre a brecha de xénero. De feito, só un 10% de media dos permisos parentais os gozan os pais, segundo datos do Parlamento Europeo de 2015.



"Compromiso estratéxico para a igualdade entre mulleres e homes 2016-2019" da Comisión Europea.



Banco de ideas responsables

O Banco de ideas é a canle para que as empresas, entidades e organizacións galegas poidan dar a coñecer as accións que levan a cabo en materia de responsabilidade social.; servindo de exemplo para os demais. Tamén informa a sociedade das accións que levan a cabo no tecido empresarial e social de Galicia.

Desde RSE Xunta de Galicia animamos as empresas a compartir a súa idea. Cada nova iniciativa pasará a formar parte da base de datos do noso banco. Entre todos, facemos crecer a RSE en Galicia.

Entra en rse.xunta.es e comparte a túa idea

LEXISLACIÓN E IGUALDADE DE SALARIOS. O EXEMPLO ISLANDÉS.

E se, por lei, as empresas tivesen que demostrar que ofrecen o mesmo soldo a homes e mulleres? Islandia quere acabar coa brecha salarial e decidiu pasar á acción.

A pesar de que Islandia goza do recoñecemento como **mellor país do mundo para a igualdade** de xénero polo Foro Económico Mundial, as mulleres islandesas aínda gañan, de media, entre un 14% e un 18% menos que os homes. Noutros ámbitos, como na educación, a diferenza non existe: as mulleres que acaban un máster ou diplomadas universitarias en Islandia case **duplicaron** no curso 2012/13 aos homes, segundo o Instituto de Estatística do país.

Por iso pasaron da teoría á práctica: Islandia vai ser o primeiro país do mundo en obrigar as empresas que demostren que ofrecen o mesmo salario independentemente do xénero, a etnia, sexualidade ou nacionalidade do traballador. Coa norma esixírase a todas as empresas con máis de 25 empregados obter a certificación para demostrar que dan igual salario por traballo de igual valor.

Ata agora, nalgúns países trazaban recomendacións ou obrigacións de informar a diferenza salarial segundo o xénero. Neste caso, a diferenza radica en que se fará obrigatorio para empresas privadas e públicas que demostren a igualdade nos salarios.

O obxectivo é moi concreto: en 2020, os 330.00 habitantes de Islandia cobren por igual, acorde ao traballo que realizan, independentemente de se son mulleres ou homes. Para iso traballouse, nos últimos 8 anos, nun Estándar de Igual Salario (Equal Pay Standard) ÍST 85:2012. Trátase dun sistema capaz de asegurar que tanto mulleres como homes cobran o mesmo polo

mesmo traballo, nos mesmos termos e para o mesmo valor. Cunha estrutura como as normas ISO 9001 e ISO 14001, foi traducida para ser utilizada internacionalmente. Conta coa supervisión de Standard Iceland e cunha clasificación e ránking de traballos, auditando os salarios e establecendo procedementos formais e roles para a toma de decisións que afectan á adopción de salarios.

Esta norma reforza a lexislación actual que prohibe a discriminación salarial baseada no xénero. Ademais, deberá facerse efectiva ao ano seguinte de pasar a avaliación. A certificación obriga a permanecer cos criterios adquiridos durante un período de tres anos, renovable pasado este tempo. Creouse, tamén, un Centro para a igualdade de xénero, que actúa como monitor; supervisando e galardoando ás organizacións co símbolo de igualdade salarial.



O símbolo elixido para certificar as organizacións que sexan recoñecidas pola norma ÍST 85:2012 sobre igualdade no salario.

“É o momento de facer algo radical sobre esta cuestión. Temos que asegurarnos de que homes e mulleres gozan de igualdade de oportunidades no lugar de traballo e que é a nosa responsabilidade tomar todas as medidas para logralo”.

*Thorsteinn Viglundsson,
ministro de Asuntos Sociais e Igualdade*



Entrevista a Isabel Garro, Directora Xeral da Rede Española do Pacto Mundial.

Por se aínda alguén non coñece, cal é a misión d o Pacto Mundial en España? Que obxectivos persegue?

Con máis de 13.000 entidades asinantes en 145 países, é a maior iniciativa voluntaria de sustentabilidade do mundo. O Pacto Mundial pertence a Nacións Unidas e está subscrito por entidades, xa sexan empresas de todos os tamaños ou organizacións do terceiro sector, educativas, sindicatos. A Rede Española do Pacto Mundial é a máis numerosa, con máis de 2.600 entidades asinantes e 470 socios. Practicamente todas as empresas do Ibex 35 son asinantes do Pacto Mundial, aínda que porcentualmente a maioría das empresas son pemes. Persequimos dous obxectivos complementarios:

- Canalizar accións no sector privado en apoio dos obxectivos máis amplos das Nacións Unidas, incluídos os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).
- Incorporar os 10 Principios de xestión ética nas actividades empresariais de todo o mundo. Estes Principios inscríbense nas áreas de dereitos humanos, normas laborais, medioambiente e loita contra a corrupción.

Como se traballa para logralos?

O Pacto Mundial é unha plataforma de plataformas, polo que calquera organización que queira traballar o desenvolvemento sustentable atopará un nivel adecuado de



*Na imaxe, Isabel Garro,
Directora Xeral da Rede Española
do Pacto Mundial.*

traballo, conforme as súas aspiracións e obxectivos. Unha entidade pode atopar por unha banda formación, sensibilización, comunicación de boas prácticas para niveis iniciais, axuda para elaborar memorias de sustentabilidade. Para outros obxectivos, asesoramento personalizado, programas específicos de sustentabilidade na cadea de subministración ou para os empregados, así como recursos para implementar modelos de negocio e desenvolvemento sustentable. E para as entidades internacionais ou máis avanzadas en sustentabilidade, impulsamos alianzas multi-stakeholder de carácter nacional e internacional, traballo sectorial e plataformas innovadoras que enfocan a sustentabilidade como a panca para alcanzar o liderado de empresas responsables no novo escenario que vivimos.

Entrevista a Isabel Garro, Directora Xeral da Rede Española do Pacto Mundial.

Que pasos debe dar unha organización que queira apoiar o Pacto Mundial?

Calquera organización que estea disposta a ter unha xestión responsable, ir mellorando no cumprimento dos Dez Principios, independentemente do seu tamaño ou actividade, pode pertencer ao Pacto Mundial. É necesario que o máximo responsable cubra unha carta de compromiso en nome da organización e ademais debe publicarse un informe de sustentabilidade anual cos seus progresos en sustentabilidade.

Se algunha empresa leva a cabo prácticas que van en contra dalgún dos principios do Pacto, que ocorre?

Nós sempre dicimos que o Pacto Mundial non é un can gardián das empresas, senón máis ben un can guía. Pero temos medidas para manter a integridade da iniciativa. Hai empresas que son expulsadas, se non cumpren co seu compromiso de informar das súas actividades de sustentabilidade. Hai outros casos onde as compañías non cumpren cos 10 principios. Ese tipo de casos xera un proceso de diálogo coas partes orientado a solucionar os incumprimentos.

Como organización, cales son as novas liñas de traballo que estades a desenvolver para fortalecer a RSE?

Como organización de Nacións Unidas, temos o



Para axudar as empresas e o sector privado a contribuír aos ODS, a Rede Española do Pacto Mundial de Nacións Unidas editou "*O sector privado ante os ODS. Guía práctica para a acción*", dispoñible na súa [páxina web](#).

Entrevista a Isabel Garro, Directora Xeral da Rede Española do Pacto Mundial.

mandato de traballar a sustentabilidade no sector privado, e iso estará determinado ata o ano 2030 pola Axenda de Desenvolvemento de Nacións Unidas, aprobada en 2015 e composta por diferentes bases, entre as cales destacan os acordos do clima de París da COP 21 e, por suposto, os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS). Estes últimos son 17 e son a chamada Axenda da Humanidade, dentro da cal o sector privado ten por primeira vez un papel protagonista.

Isto supón entender a RSE desde un punto de vista ambicioso, de liderado, non só de evitar impactos negativos sobre os grupos de interese, senón de buscar e achar as oportunidades de negocio nos retos de desenvolvemento sustentable. Estímase que hai polo menos 12 billóns de dólares en oportunidades de negocio ligadas aos ODS. Estamos a falar dunha oportunidade histórica para as empresas.

Crees que existe marxe para xerar novas ideas innovadoras en materia de RSE?

Por suposto, agora máis que nunca, cos ODS como cos KPIs para as empresas, pero tamén para o planeta, a innovación será fundamental. Para lograr novos modelos de negocio, para atopar solucións aos desafíos do desenvolvemento sustentable ou para atopar novas maneiras de traballar. Nun momento onde necesitamos facer máis con menos, menos recursos, menos tempo, etc, a innovación é clave para o éxito de toda xestión da sustentabilidade.

Que puntos fortes e puntos débiles ten aínda a RSE en España?

Temos moitos puntos fortes. Por exemplo, as nosas empresas destacaron tradicionalmente en RSE e seguen reaccionando con rapidez e

liderado ás novas tendencias do campo. Por exemplo, o 96% das empresas do Ibex35 xa asimilaron a súa estratexia de RSE aos ODS. A Rede Española é a máis importante a nivel mundial, polo que o potencial das súas empresas ten repercusión na institución líder de sustentabilidade a nivel mundial. En canto ás dificultades, sinalaría unha: a falta de costume á hora de traballar en alianzas. Trazar alianzas multi-stakeholder, xa sexan estas público-privadas ou sectoriais, coa academia, etc, é un paso fundamental para lograr os retos da sustentabilidade.

Sobre que aspectos da RSE crees que deberán focalizar as empresas maiores esforzos nos próximos anos?

É unha resposta complexa, porque iso dependerá do alcance de cada empresa, o seu sector, tamaño, etc. A nosa recomendación é que coñezan os 17 ODS, identifiquen aqueles que máis lles afectan como risco e debido á súa actividade. E, doutra banda, que vexan sobre cales poden ter un maior impacto. Que os integren nas súas accións con obxectivos e indicadores fixos que traballen conforme aos seus propios ODS de interese.

En canto ás áreas temáticas que máis esforzos lévannos ademais dos ODS, destacaría os dereitos humanos aplicados á empresa e o traballo coa cadea de subministración.

Un tema recorrente ao falar de RSE é conseguir que sexa máis coñecida e valorada pola cidadanía en xeral. Aquí o papel dos medios de comunicación é clave, pero, na túa opinión, como se pode conseguir isto? Como trasladar a RSE ao público en xeral?

Entrevista a Isabel Garro, Directora Xeral da Rede Española do Pacto Mundial.

É un cabalo de batalla co que libramos todos. Por exemplo, a RSE como concepto non tivo repercusión a nivel social, así como os ODS aínda non son o suficientemente coñecidos como para alcanzar notoriedade. Con todo, hoxe corremos o risco de que o concepto "sustentable" acabe perdendo valor por resultar demasiado manido. O papel dos medios é fundamental, pero tamén nós temos que contar as cousas ben. Con responsabilidade, con constancia e converternos a nivel persoal e coa nosa contorna, con palabras e con comportamento, en portavoces do desenvolvemento sustentable.

Respecto dos ODS, como está situada España respecto da súa consecución?

Non existe ningún país do mundo, nin sequera os que tradicionalmente se nos presentan como máis desenvolvidos que teña cubertos todos os ODS. De feito, a universalidade dos ODS concibiuse para que todos os países considerásemos "en desenvolvemento" e así telos como un plan de acción xeral e transversal de todas as instancias e todos os países, deixando de lado o modelo norte-sur. Estes ODS non están pensados desde o punto de vista da cooperación ao desenvolvemento, senón para que cada país e cada axente actúe na súa área de responsabilidade. E nós, como país, temos moito que mellorar, atreveríame a dicir que en todos os ODS, como na maioría de países do mundo. Cando teñamos a análise governamental veremos en que punto se sitúa España. As aproximacións que houbo dinnos que tanto a nivel ambiental, como económico ou social, temos traballo.

E as empresas españolas? Ás veces, desde o sector empresarial, parece que estes aspectos vinculan máis ás grandes corporacións. Como lograr a implicación das pemes para lograr unha mellor contribución aos ODS?

É verdade que a gran empresa fai de cabeza tractora das tendencias coas empresas máis pequenas. Pero nós rexistramos tamén un gran interese por parte de empresas pequenas, porque os ODS teñen unha vantaxe, entre outras: falan a linguaxe empresarial. Para as empresas non é difícil identificar liñas de acción que teñen que ver con empregos, saúde no traballo, formación, relacións co consumidor, redución de residuos, etc. As pemes españolas están á altura da adaptación das estratexias de sustentabilidade respecto os ODS e están a facer un bo uso dos recursos que poñemos á súa disposición para iso.

Para terminar, a modo de reflexión, como avanzará a RSE? Cal pensas que será a función do Pacto Mundial de aquí a 10 anos?

A RSE será unha panca para facer negocios e as empresas que queiran manterse con éxito no tempo terán que ser responsables. Neses dez anos aínda seguirá vixente a Axenda 2030 e o Pacto Mundial progresaría moito, debido ao aumento dos seus asinantes e á relevancia que Nacións Unidas conferiu ao seu traballo. Seremos os socios clave para as empresas que queiran facer da sustentabilidade un factor de éxito. Para as entidades que queiran causar un impacto positivo. E para todas as que compartan a visión de que desde o sector privado pódese transformar o mundo e converterse en líderes empresariais.

SECCIÓN ODS

OBXECTIVO 11: LOGRAR QUE AS CIDADES SEXAN INCLUSIVAS, SEGURAS, RESILIENTES E SUSTENTABLES



Desde hai décadas, as cidades son núcleos xeradores de ideas, centros de comercio, espazos para a cultura, e impulsoras da produtividade e o desenvolvemento social.

No mellor dos casos, as cidades permitiron ás persoas progresar social e economicamente.

Pero a vida nas cidades, na actualidade, tamén implica xestionar cuestións complexas, de maneira que se sigan creando empregos e prosperidade sen exercer presión sobre o territorio e os recursos. Ademais, nas cidades fanse patentes problemas comúns potenciados polos últimos anos de crise económica como son a conxestión, a falta de recursos para prestar servizos básicos, a escaseza de vivenda ou a deterioración das infraestruturas. Ao mesmo tempo, estes retos expostos supoñen unha oportunidade para expor solucións pensadas baixo novos puntos de vista, de maneira que se xeren espazos e proxectos para seguir prosperando e crescendo; e ao mesmo tempo aproveitar mellor os recursos e reducir a contaminación.

Que importancia ten este ODS 11? A nivel global, a metade da humanidade (aproximadamente 3.500 millóns de persoas) viven actualmente en cidades. E todas as predicións estiman que esta cifra seguirá en aumento. Dado que para a maioría de persoas o futuro será urbano, as solucións a algúns dos principais problemas a que se enfrontan os seres humanos terán que ser pensadas, tamén, a escala urbana. A importancia deste ODS estriba en que, nun ecosistema como as cidades, os problemas atópanse relacionados e afectan por igual a

todas as persoas que alí habitan. Por exemplo, as desigualdades entre barrios poden producir inseguridade e tensións ou os efectos da contaminación atmosférica e a baixa calidade do aire deteriora a saúde por igual de todas as persoas, afectando tamén á produtividade.

O prezo dunha cidade saudable. En segundo que casos, poñer en práctica políticas que melloren a calidade de vida nas cidades implica facer grandes investimentos; tanto polas entidades públicas como privadas. Pero, en termos de custos e beneficio, a realidade demostra que as oportunidades e as sinerxias dunha boa política urbanística supera amplamente os custos da súa realización. Por exemplo, a creación dunha rede de transporte público funcional e que conecte barrios e municipios próximos é custosa, pero os beneficios son enormes en termos de actividade económica, mellora da calidade da vida, redución da contaminación atmosférica, loita contra o cambio climático. En definitiva, o éxito xeral dunha cidade mellor comunicada.

Como é a miña cidade? A reflexión cidadá, individual, tamén é un compoñente de responsabilidade social que todas as persoas teñen implícito cara ao territorio:

- *Xera a miña cidade postos de traballo suficientes e coa calidade adecuada?*
- *Poden desprazarse as persoas novas a pé á escola ou ao instituto?*
- *Pódese gozar dunha rede de transporte público eficaz e segura?*
- *Como é a calidade do aire?*
- *Como son os espazos públicos?*

>> Para obter máis información sobre o Obxectivo 11 e os demais Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, consulte a web:

<http://www.un.org/sustainabledevelopment/es>



Descubre todo o relacionado coa
responsabilidade social en Galicia
en rse.xunta.es

PUBLICADO UN INFORME EUROPEO SOBRE A NECESIDADE DE EXPLICAR E ACLARAR CONCEPTOS AO REDOR DA ECONOMÍA CIRCULAR

Que achega a chamada economía circular respecto do que coñecemos ata agora? Supón a economía circular un modelo que ofrece máis oportunidades ás empresas? Que conceptos engloba?

Desde a revolución industrial, en poucas ocasións apostouse por aplicar un modelo que rompa coa concepción tradicional de economía lineal como o fai a economía circular. Este modelo antigo demostrou ser xerador dunha serie de impactos que a sociedade e o medio ambiente non son capaces de asimilar. Por iso, a economía circular aposta por xerar unha nova conciencia ao redor da xeración de valor. Todo iso, de forma simplificada, co obxectivo de conseguir xerar actividade económica reducindo as necesidades de entrada de novos fluxos de materiais e reducindo a xeración de residuos. Pero o concepto vai máis aló e trata de introducir unha visión de sistemas produtivos máis resilientes, capaces de retroalimentarse.

Desde que aparece o termo, a finais dos anos 80, escribiuse moito sobre economía circular, sendo necesaria unha reflexión práctica sobre o mesmo. Para iso, o **Centre for European Policy Studies** (CEPS) presentou un estudo que aborda as carencias da UE para poder facer da economía circular algo máis que un concepto e poder convertelo nun modelo real.

O informe parte da premisa que, como a economía circular está integrada por diferentes disciplinas, existen distintas perspectivas e interpretacións do concepto. Tamén se identifica a existencia de pouca información sobre os efectos indirectos sobre a economía (por exemplo, sobre a cadea de valor ou sobre os cambios de patróns de conduta dos consumidores), así como os efectos sociais dos impactos que se xeran na transición cara a unha economía circular.

No documento recoñécese que a economía circular logrou un amplo atractivo entre os sectores académico, político e empresarial, pero a súa interpretación e aplicación foron moi

diversas. Aínda que algunhas definicións e interpretacións céntranse en aspectos de recursos físicos e materiais, outros van máis aló e discuten unha importante transformación do sistema económico que involucra a varios sectores e temas que van máis aló dos recursos materiais e os residuos.

Que temáticas integra a economía circular?

Outra carencia detectada polo CEPS é a necesidade no nivel da UE dunha maior claridade sobre as áreas e sectores que entran no ámbito da economía circular. Isto pode axudar a evitar a confusión, así como apoiar a preparación de estudos que proporcionen mensaxes consistentes acerca dos efectos potenciais que podería xerar a economía circular. As disciplinas que abarca o concepto son tan diversas como a ecoloxía industrial (tamén coñecida como simbiose industrial) o deseño do berce ao berce (cradle-to-cradle), os sistemas de produto-servizo (tamén coñecido como servitización) ou a economía azul. Os procesos máis claramente identificados dentro da economía circular son:

- **A reciclaxe.**
- **A eficiencia no uso dos recursos.**
- **uso das enerxías renovables.**
- **A remanufacturación, renovación e reutilización de produtos e compoñentes.**
- **A durabilidade dos produtos.**
- **A servitización.**
- **Modelos compartidos.**
- **Cambio de patróns de consumo.**



economía circular e emprego

Un dos principais efectos que se argumentan para afianzar este novo modelo económico é o seu potencial xerador de postos de traballo. Aínda que os efectos sobre o emprego da economía circular foron analizados en diversos estudos, as avaliacións doutros impactos sociais parecen estar menos presentes na literatura desenvolvida ata agora. Ademais, apunta o CEPS, é necesario comprender os efectos indirectos sobre a economía (por exemplo, os impactos na cadea de valor e/ou os cambios nos patróns de consumo) para estimar os impactos globais sobre o emprego a nivel nacional e do conxunto da UE. Aínda se pode avanzar máis, por tanto, en identificar como a economía circular vai ser capaz de aproveitar todos os procesos identificados anteriormente para xerar beneficios **económicos, ambientais e sociais**.

A economía circular é un concepto complexo e, segundo os autores deste informe, é improbable que no curto prazo poida haber un **consenso internacional** sobre o seu significado. A pesar diso, a nivel da política da UE, é posible que haxa unha maior claridade sobre as áreas e sectores que poden caber dentro do ámbito da economía circular. Isto pode axudar a evitar confusións e apoiar a preparación de estudos focalizados e avaliacións de impacto que proporcionarán mensaxes consistentes sobre os efectos potenciais.

E en Galicia, que pode achegar a economía circular?

Se a Unión Europea cifra en seiscentos mil millóns de euros o potencial aforro derivado do cambio de modelo convencional cara á economía circular (valorando o impacto no tecido produtivo e sen ter en conta o impacto ambiental e social), para Galicia representaría ao redor de 2.000 millóns de aforro, é dicir, máis de 3 puntos do PIB anual da comunidade. Para empezar a aplicar os principios da economía circular, desde a Xunta de Galicia está a

coordinarse o grupo de traballo de economía circular e fondos europeos da Rede de Autoridades Ambientais, creado no marco da Rede de Autoridades Ambientais do Ministerio de Agricultura, Producción Agraria e Medio Ambiente.

A Comisión Europea situou á economía circular na axenda ambiental e económica, a través do Plan de acción da Unión Europea para a economía circular. En España, a Rede de Autoridades Ambientais é o foro de cooperación e coordinación entre as autoridades responsables no medio ambiente e as responsables de programación e de xestión dos fondos comunitarios, nos diferentes niveis administrativos.

Para Galicia, contar con este grupo de traballo supón aproveitar as dúas grandes vantaxes que pode proporcionar a economía circular. Por unha banda, trátase dunha ferramenta con potencial para resolver os retos ambientais e, ademais, proporciona oportunidade de negocio e crecemento económico, pois ábrese posibilidades para os empresarios.

Pode descargar o estudo na [web](#).



Coñeces a biblioteca da RSE?

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pon á disposición das pequenas e medianas empresas galegas unha serie de guías prácticas, de fácil lectura e aplicación, orientadas a destacar os aspectos clave da RSE para cada sector, segundo as súas características e especificidades propias.

**Picando en cada logo accederás á guía correspondiente*

Manual de RSE nas entidades de economía social



Guía de RSE para o sector téxtil

Guía de RSE para o sector da construción



Guía de RSE para o sector conserveiro de peixes e mariscos

Guía de RSE para o sector turístico



Guía de RSE para o sector do automóbil

Guía de RSE para o sector adegueiro



Guía de RSE para o sector da madeira

Guía de RSE para o sector TIC



Guía de integración de criterios ASG e acceso a investimento responsable